



Regueifa de Novoneyra

**Miñas donas e señores
Aquí vimos a contarlles
A vida de Novoneyra
Moi famoso nestes lares.**



**Naceu o noso poeta
Nas montañas do Caurel
En tódolos seus poemas
Embeléñanos con el.**



**Foi data de nacemento
En mil novecentos trinta
Traballaba de escritor
E gastaba moita tinta.**



**Estudou Bacharelato
Foi un pouco insuficiente
Pero nisto da poesía
Sacou un sobresaliente.**




**Foi un home vagamundos
Desde o Caurel a Madrid
Onde estivo varios anos
Vivindo dalgún ardid.**






**Tras seu paso por Madrid
Volve á terra querida
Pero tras pensalo ben
Volve á súa anterior vida.**



**Traballou anos na radio
Outros en televisión
En Madrid publica " Os eidos"
Inicio da produción.**



**Tras traballar nesa radio
Casou con Elva Rei
Con ela tivo tres fillos
Víase que o pasou ben.**



**Chegan os anos sesenta
E regresa ó Caurel
Alí reside uns anos
Escribindo a prol daquel.**



**Describe a súa paisaxe
En soidade dentro dela
Desta natureza agreste
Desprázase a Compostela.**





Colexio NS Esperanza, Vigo

**Alí segue escribindo
Unha poesía social
Porque Uxío non quería
Un goberno tan marcial.**




**Escribiu cantos á guerra
A ese terrible Vietnam
Choraron bágoas de sangue
E aínda por riba en van.**




**Como poeta que era
Sabíase namorado
Escribiu tamén á dona
Con que estivo casado.**



**Marchou para Santiago
Na asociación de escritores
Tras telo pensado moito
Presidente foi de honores.**



**Quedouse en Compostela
Onde lle chegou a sona
Tamén facéndose vello
Ata que chegou á hora.**






Colexio NS Esperanza, Vigo

*Foi xa no noventa e nove
Un tristeiro mes de Outubro
Cando Xixó Novoneyra
Marchouse xa deste mundo.*



*Deixounos a súa obra
A súa sona e talento
" Letanía de Galicia"
E versos de tralovento.*



*Aquí vai a despedida
Felices " Letras Galegas"
Procurade a nosa lingua
E deixade as estranxeiras.*





ORGULLOS  **S**
DO NOSO
ORGULLOS  **S**
DO GALEGO



coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

www.coordinadoraendl.org